



Coñece os centros especiais de emprego

XUNTA DE GALICIA

Edita: Secretaría Xeral de Emprego
Consellería de Economía, Emprego e Industria

© Xunta de Galicia
2017. Coñece os centros especiais de emprego
DL: C 274 - 2017

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<https://libraria.xunta.gal/gl/conece-os-centros-especiais-de-emplego>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0 España
de Creative Commons.
Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es_ES

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO.....	4
QUE SON?	4
A TITULARIDADE DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO	4
REGULACIÓN LEGAL	5
REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR	6
CREACIÓN	7
CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO.....	9
OBRIGAS DOS CENTROS ESPECIAIS DEEMPREGO	10
AS MEDIDAS DE APOIO	12
DE CARÁCTER XERAL	12
DE CARÁCTER ESPECÍFICO	12
ENDEREZOS DE UTILIDADE	13

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

QUE SON?

Os centros especiais de emprego son aqueles centros que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións de mercado e que teñen por finalidade a integración das persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal, asegurando un emprego remunerado á vez que prestan os servizos de axuste persoal e social que requiran estas persoas. A súa estrutura e organización será similar ás das empresas ordinarias.

Consideraranse como persoas traballadoras con discapacidade, aquelas persoas que teñan recoñecido polo órgano competente un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

A TITULARIDADE DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

Os centros poderán ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para seren empresarios.

REGULACIÓN LEGAL

- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o regulamento de centros especiais de emprego.
- Real decreto 1368/1985, do 17 de xullo, que regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballan en centros especiais de emprego.
- Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro de 2005, polo que se regulan os enclaves laborais.
- Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR

A posta en funcionamento ou o recoñecemento dos centros especiais de emprego requirirá autorización administrativa e inscrición no rexistro administrativo especial, que será outorgada polo organismo competente en materia de relacións laborais, logo de solicitude da persoa interesada e acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

Deberán cumprir os seguintes requisitos e circunstancias:

- Acreditar a personalidade da persoa titular do centro.
- Xustificar mediante o oportuno estudo económico as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, en orde ao cumprimento dos seus fins.
- O seu cadro de persoal debe estar constituído por persoas traballadoras con discapacidade, en porcentaxe non inferior ao 70% sobre o total, con contrato laboral formalizado por escrito conforme á normativa reguladora da relación laboral de carácter especial.
- Prever a integración do persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada que a actividade do centro precise no seu cadro de persoal.
- As persoas con discapacidade que integren o cadro de persoal deben prestar servizos dun xeito adecuado á súa capacidade de traballo e de maneira que as súas posibilidades de integración sexan reais e efectivas.
- O centro deberá contar cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada doutras actividades do titular ou de persoas vinculadas por calquera título a este.

CREACIÓN

As persoas interesadas na creación dun centro especial de emprego deberán dirixir unha solicitude á Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria solicitando a autorización e inscrición do centro no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego, xuntando a documentación que de seguido se relaciona:

- a) Copia da escritura de constitución ou documento fundacional da entidade titular debidamente inscrito no rexistro público correspondente e DNI de quen teña a representación legal para as persoas xurídicas, ou DNI no caso de persoas físicas.
- b) Copia da alta na seguridade social como empresa.
- c) Memoria e estudo económico sobre as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, que deberá especificar os seguintes datos:
 - Obxectivos e actividades que desenvolve o centro.
 - Características e circunstancias organizativas e materiais, indicando todos os recursos que contribúan ao sostemento do centro.
 - Resultados económicos previstos para o exercicio corrente e os cinco seguintes, con detalle das estimacións realizadas.
 - Previsións de integración do persoal técnico e de apoio.
- d) Certificación relativa aos centros de traballo para os que se solicita a cualificación, especificando a súa localización, actividade e relación nominal do cadro de persoal do centro, indicando se se trata de persoas traballadoras con discapacidade. No caso de existir persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social, deberán identificarse e detallar o labor que realizan.

- e) Contratos de traballo do persoal con discapacidade, segundo o modelo oficial establecido pola normativa específica.
- f) Resolución motivada dos equipos de valoración na que se determinen as posibilidades de integración real e capacidade de traballo do persoal con discapacidade en relación coas funcións do posto de traballo.
- g) Xustificante de pagamento de taxas por inscrición en rexistros oficiais.

O servizo competente comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos na lexislación aplicable, e poderá solicitar informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social sobre todos aqueles aspectos que poidan incidir na autorización como centro especial de emprego. O procedemento de autorización rematará por medio de resolución pola que se autorice ou se denegue a inscrición como centro especial de emprego.

O enlace web avcee.xunta.gal permite acceder á Asesoría Virtual de Centros Especiais de Emprego, onde se pode atopar información práctica e modelos de documentación para facilitar a realización deste trámite e outros relacionados coa xestión deste tipo de entidades.

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO

Poderán ser cualificados como centros sen ánimo de lucro aqueles cuxa titularidade corresponda a algunha das entidades seguintes:

- a) Cooperativas de carácter non lucrativo.
- b) Sociedades de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas nas letras a) e c) ou doutras de carácter público, directa ou indirectamente. No caso de sociedades de responsabilidade limitada laborais, poderá admitirse unha menor participación das devanditas entidades, sempre que acaden a máxima permitida legalmente.
- c) Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que contemplan expresamente nos seus estatutos sociais a irrepartibilidade do seu patrimonio, agás a favor de entidades do mesmo carácter.

Ademais, os titulares destes centros deberán ter como finalidade principal a integración laboral de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e os seus beneficios deberán reinvestirse na súa totalidade no propio centro ou noutro centro sen ánimo de lucro.

Para o recoñecemento da carencia de ánimo de lucro dun centro, deberá solicitarse a súa inscrición como tal no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego.

OBRIGAS DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- Deberán manter os requisitos que foron tidos en conta para a súa autorización e inscrición no rexistro.
- Deberán presentar no prazo de catro meses a partir do peche do exercicio económico a memoria anual comprensiva dos seguintes extremos:
 - o Identificación dos centros.
 - o Composición do cadro de persoal de cada centro, especificando as persoas traballadoras con discapacidade e as altas e baixas producidas durante o exercicio.
 - o Documentación económica: liquidación do orzamento, balance de situación, conta de explotación e proxecto de orzamento do exercicio seguinte.
 - o Cumprimento dos obxectivos económicos e de axuste persoal e social.
 - o Os centros sen ánimo de lucro deberán achegar as contas anuais da entidade titular e certificación da súa aprobación pola asemblea xeral ou órgano equivalente, coas sinaturas lexitimadas notarialmente, que conteña o acordo referido á distribución ou imputación de resultados do centro. A devandita certificación debera facer constar, así mesmo, a transcripción literal das modificacións estatutarias e outros acordos sociais da entidade titular que poidan afectar ao recoñecemento como centro sen ánimo de lucro, ou a inexistencia deles se é o caso.

- Deberán comunicarlle ao rexistro:
 - o No prazo máximo dun mes:
 - Calquera circunstancia que altere as condicións de autorización, en especial as que poidan ser causa de descualificación do centro ou de cancelación do recoñecemento da carencia de ánimo de lucro.
 - A realización de enclaves laborais, remitindo os contratos subscritos e as súas prórrogas.
 - o Coa memoria anual: as variacións no cadro de persoal que non diminúan a porcentaxe inicial de persoas traballadoras con discapacidade ocupadas.
- Deberán obter autorización da Secretaría Xeral de Emprego:
 - o Para a inscrición de novos centros creados por titulares que contén con algún outro xa inscrito.
 - o Para a ampliación ou cambio de actividades.
 - o Para o cambio de localización do centro de traballo ou calquera outra circunstancia que altere substancialmente as condicións de cualificación iniciais.

AS MEDIDAS DE APOIO

DE CARÁCTER XERAL

Os centros especiais de emprego, como calquera outra empresa, teñen acceso ao réxime de subvencións, axudas, bonificacións e calquera outra medida de apoio económico establecida polas administracións públicas.

De xeito orientativo, pódese indicar que en Galicia unha gran parte destas medidas de apoio están canalizadas a través do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).

DE CARÁCTER ESPECÍFICO

Anualmente, a Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca axudas para financiar a creación ou ampliación de centros. Existen diferentes modalidades: axudas para realización de asistencia técnica, subvencións financeiras e en activos fixos, en función do número de postos de traballo creados.

Tamén convoca axudas para o mantemento de postos de traballo. As modalidades poden consistir en bonificacións por custo salarial ou adaptación de postos de traballo.

ENDEREZOS DE UTILIDADE

Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 544 666
emprego.ceei.xunta.gal

REXISTRO ADMINISTRATIVO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela.
Teléfono: 981 545 687
registro-CEE@xunta.gal
avcee.xunta.gal

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2. 15071 A Coruña
Teléfono: 981 184 901

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Ronda da Muralla, 70. 27071 Lugo
Teléfono: 982 294 650

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Rúa Curros Enríquez, 1, 4º. 32071 Ourense
Teléfono: 988 386 710

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA (SERVIZO VIGO)

Rúa Concepción Arenal, 8-2º. 36201 Vigo
Teléfono: 986 817 550

REDE EUSUMO

Rede Eusumo

info@eusumo.gal

www.eusumo.gal

IGAPE

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 541 147

www.igape.es

EQUIPOS DE VALORACIÓN E ORIENTACIÓN DE MINUSVALÍAS

A Coruña

Praza Luis Seoane, s/n. 15008 A Coruña

Teléfono: 981 182 523

Ferrol

Praza Camilo Jose Cela, s/n. 15403 Ferrol

Teléfono: 981 337 237

Lugo

r/ Ancares, 23 baixo. 27003 Lugo

Teléfono: 982 227 811

Ourense

r/ Saenz Diez, 33. 32003 Ourense

Teléfono: 988 386 152

Vigo

r/ Torrecedeira, 99 baixo. 36202 Vigo

Teléfono: 986 294 836

Pontevedra

r/ Cruz Vermella, 9 baixo. 36002 Pontevedra

Teléfono: 986 863 025

galicia



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

info@eusumo.gal
www.eusumo.gal



**XUNTA
DE GALICIA**